



OS XENERAIS DA ULLA



OS XENERAIS DA ULLA

Documental sobre o entroido dos Xenerais na comarca da Ulla

Tipo de proxecto: Longametraxe documental.

Título provisional: Os xenerais da Ulla

Datos técnicos: Video dixital, color, Full Hd (1920 x 1080) 25 fps.

Audio: dixital estéreo.

Idioma orixinal: Galego



SINOPSE

Todos os anos, entre finais do mes de xaneiro e principios de febreiro, celebráñse na comarca da Ulla uns peculiares entroidos chamados "Os Xenerais da Ulla". Trátase dunha manifestación lúdica na que uns xinetes vestidos de xenerais, con vestimentas bastante rechamantes, percorren as parroquias da comarca dando vivas e saúdos aos veciños.

Esta celebración non ten unha ascendencia clara. A súa orixe asóciaa co recordo das andanzas dos soldados franceses durante a guerra da Independencia, pero, observando as particularidades das súas vestimentas, tamén se pode falar

das guerras Carlistas. O certo é que nesta festa mestúranse os elementos clásicos de entroido cos propios de "Os Xenerais da Ulla".

A casa, a aldea, a parroquia, o campo da feira, pezas chave da estrutura rural, xogan un papel esencial no discorrer dos acontecementos. Polas casas pásase dando vivas na honra do cabeza de familia. A aldea singularizada tanto no bar como no campo da feira, lugares de encontro e celebración. E as parroquias, que durante estas festas son consideradas nacións independentes, como vínculo de unión interterritorial.

O acto estrela é o **atranque**: no campo da feira, os xenerais, por parellas, rétanse a base de ripios sarcásticos, caricaturizando a actualidade. Todo termina coa firma da paz entre os contendentes. Reina a ironía e o bo humor.

Este xa é espazo para o entroido tradicional, onde podemos ver todo o catálogo habitual.





OBXECTIVOS

Esta peza audiovisual pretende dar visibilidade e dignificar o entroido de "Os Xenerais da Ulla"; unha celebración recentemente declarada como "Festa de interese turístico de Galicia" polas súas peculiaridades, o seu grande atractivo visual e ritual e a súa orixe histórica.

Desde un punto de vista antropológico e pedagógico expoñeranse e investigaranse as causas do seu xurdimento, as razóns que condicionaron a súa evolución, os feitos que xustifican a súa existencia e a situación actual, o futuro desta festa popular que ven de transmitirse desde fai máis de dous

séculos entre a poboación desta Comarca unida polo río Ulla. Trátase de elaborar un documento audiovisual que xunte os aspectos máis salientables desta particular celebración que bebe de fontes tan variopintas e alonxadas no tempo como a guerra da Independencia de principios do século XIX ou as guerras carlistas que acontecerían poucos anos despois. Estas orixes, que amosan a riqueza cultural do evento, non están na mente dos máis xóvenes e comezan a diluirse no pensamento dos máis vellos do lugar. Os tempos que vivimos non axudan á permanencia destas fontes e corre perigo á esencia que fai diferente este acontecemento. Por todo isto,



os obxectivos primordiais do noso proxecto poden resumirse en:

- Amosar e ensalzar todos os atractivos cos que conta na actualidade a festa (vistosidade, contidos lúdicos, actividades paralelas...)
- Reseñar todos os elementos que fan desta festa un nexo de unión entre parroquias, concellos e comarcas (polas axudas e colaboración entre eles) e tamén de diferenciación e identidade local (pola competencia para ter o mellor carnaval e as aportacións propias de cada zona ao evento).
- Recuperar e manter o grande patrimonio cultural que representan todos os ritos que se poñen en xogo, a súa significación histórica e a súa evolución e adaptación a realidade social de cada época.



METODOLOXÍA

A obra consta de dúas visións imbricadas. Por unha banda o desenvolvemento da festa na actualidade, desde o punto de vista máis popular e directo, de principio a fin: os preparativos, os traxes, os cabalos, o desfile, os banquetes, os vivas, os atranques; a festa tal como discorre no presente. Por outro, contamos coa colaboración dun grupo de expertos historiadores, antropólogos e etnógrafos cuxas entrevistas darán unha visión académica: as súas posibles

orixes, relacións históricas, evolución e contaminacións.

Tamén contarase co testimonio de actores fundamentais na celebración da festa a día de hoxe: tanto daqueles que levan toda a súa vida contribuindo activamente a súa organización e desenvolvemento como aqueles máis xóvenes que representan o futuro da mesma.



PUNTOS DE INTERESE

- 1 É esencial o papel do colectivo de maiores de 65 anos. Terán un papel moi importante e activo nas entrevistas proxectando as súas lembranzas e vivencias de épocas pasadas; tamén se ilustrarán a súa actual implicación e o ensino que supoñen para os máis novos.
- 2 O crecente papel da muller en roles protagónicos que anteriormente tiña vedados por razón de xénero.



3 A intervención e aportación actual da infancia e mocidade.

4 O factor de cohesión dos grupos humanos da zona como unidade social tanto a nivel parroquial como municipal e comarcal.

5 O valor patrimonial e as súas relacións con outras festas actuais, tradicionais ou de renome histórico.

6 O risco de desaparición ou disipación como consecuencia dun proceso de aculturación e contaminación, propio doutra.

7 A complicidade dos profesionais de oficios tradicionais que viron radical e irremediabilmente alterada a súa contorna de traballo baixo os novos paradigmas: sastres, ferreiros, coidadores de cabalos, ...

8 Dado que cada concello ou aldea celebra o seu entroido facendo percorridos polos arredores da súa ubicación, vaise dar moita visibilidade á propia comarca: a beleza das paisaxes, os aspectos xeográficos e comerciais, o patrimonio, as peculiaridades da zona...





 AMAFILMES

danga dang Audiovisuais